

ACORDO da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), polo que se aproba o estudo de viabilidade do polígono agroforestal de iniciativa pública de Cualedro.

Procedemento: Aprobación de polígonos agroforestais de iniciativa pública.
Expediente: PA-21-02.

ANTECEDENTES.

1. Por acordo do 15 de novembro de 2021 da Presidencia da Agader, CVE B1V24AUBa5, iniciouse o procedemento de aprobación para o desenvolvemento do polígono agroforestal de iniciativa pública de Cualedro (DOG núm. 247, do 27 de decembro de 2021).
2. No citado Acordo dispúxose que o prazo para elaborar o estudo de viabilidade é de 3 meses.
3. O 8 de febreiro de 2022 (xustificante de envío do Sistema Único de Rexistro nº 2022/245495) remitiuse o estudo de viabilidade, con CVE kkntXVEL00, tlvnDSc0t8, Eu05DyzkH8, á persoa titular da Dirección Xeral da Agader para a súa aprobación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. O artigo 84.2 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia dispón que unha vez completado o estudo de viabilidade, de ser favorable, remitirase á persoa titular da dirección da Agader para a súa aprobación.
2. De conformidade co apartado *12.Conclusión* do estudo de viabilidade, o estudo realizado polos servizos técnicos da Agader resulta favorable a que se leve a cabo o desenvolvemento do polígono agroforestal e á declaración de utilidade pública e interese social do mesmo prevista no artigo 85 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
3. Os orixinais e as copias electrónicas dos documentos que se sinalan con CVE pódense verificar e descargar de xeito electrónico en <https://sede.xunta.gal/cve>.
4. Competencia.

O órgano competente para a aprobación do estudo de viabilidade do polígono agroforestal é a persoa titular da Dirección da Agader, de acordo co artigo 88.2 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Por todo o exposto, acordo:

Aprobar o estudo de viabilidade, con CVE kkntXVEL00 , tlvnDSc0t8 , Eu05DyzkH8, favorable a que se leve a cabo o desenvolvemento do polígono agroforestal de iniciativa pública de Cualedro e a súa declaración de utilidade pública e interese social polo Consello da Xunta de Galicia.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





Este acordo constitúe un acto de trámite, contra o que non cabe recurso ningún, podendo unicamente, segundo o artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, alegar a súa oposición para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Igualmente, se se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica.
A directora xeral
Inés Santé Riveira

